CONCELLO DE ZAS
Praza do Campo, nº 1. 15850 Zas (A Coruña) Teléf.: 981 708 303
www.concellodezas.org

XVI CONCURSO DE MARCAPÁXINAS

As Bibliotecas municipais e o Concello de Zas, con motivo da celebración do día das Letras Galegas, convocan o XVI CONCURSO DE MARCAPÁXINAS .
As Bibliotecas queren sumarse así aos actos de homenaxe á poesía popular oral e ás cantareiras, homenaxeadas este ano.
Os separadores de lectura premiados, serán publicados polo Concello, e utilizaranse na Biblioteca Pública Municipal de Zas e na Axencia de Lectura de Baio acompañando a cada libro que se preste ata o Día da Letras do ano 2026.

Bases:

1. Poderán participar as alumnas e alumnos dos centros escolares do Concello de Zas.
2. O tema obrigatorio é o Día das Letras Galegas.
3. Cada participante poderá presentar un único traballo, en papel ou cartolina, a cor, por unha cara e coas dimensións máximas de **21 cm. X 5 cm**.
4. Valorarase a calidade dos deseños, a imaxinación e a orixinalidade.
5. Establécense as seguintes categorías:

    - A: Alumnado de Ed. Infantil
    - B: Alumnado de 1º a 3º de Ed. Primaria.
    - C: Alumnado de 4º a 6º de Ed. Primaria.

6. Outorgaranse dous premios por categoría dotados con un lote de libros cada un.
7. Os traballos presentaranse nun sobre pechado. No exterior indicarase XVI CONCURSO DE MARCAPÁXINAS e a categoría na que participa (A, B, ou C).
   No reverso do marcapáxinas indicaranse os datos do/a autor/a: **nome, enderezo, Teléfono, idade e curso.**
8. Os separadores de lectura presentados a concurso entregaranse nos Centros Socioculturais de Zas ou Baio.
9. A recepción de orixinais pecharase o **VENRES 16 de Maio** de 2025.
10. A entrega de premios terá lugar nos centros educativos dos/as alumnos seleccionados/as a semana seguinte á celebración das Letras Galegas.
11. O xurado resérvase a posibilidade de declarar deserto calquera dos premios.
12. A decisión do xurado será inapelable.
13. O feito de participar neste concurso supón aceptar as presentes bases e renunciar a calquera reclamación.